

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense; María Mangana Guede e Xosé Manuel Puga González deputados do grupo provincial do BNG, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte: **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) DEMANDANDO O ARRANXO DAS ESTRADAS OU-0701 MONTE CABALAR-VILARIÑO DE CONSO E OU-0908 VIANA DO BOLO-VILARIÑO DE CONSO**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vertebración territorial das comarcas de interior é fundamental para evitar a tendencia ao despoboamento que levamos padecendo nas últimas décadas na provincia de Ourense.

Moito temos falado da necesidade de ofrecer no rural os mesmos servizos dos que a sociedade dispón nas zonas urbanas.

Certo é que as comunicacións de longa distancia (autovías e AVE) coa meseta teñen mellorado substancialmente.

Pero tan importante coma iso son as comunicacións entre as nosas comarcas do interior que “permean” as relacións sociais e económicas, especialmente destas zonas de montaña.

Estamos inmersos en pleno debate sobre a proposta de Lei da Administración Local de Galiza (LALGA) no que observamos como pretende eliminarse como referencia administrativa as comarcas para potenciar o papel da Deputacións.

Ao mesmo tempo, tanto concellos como Deputacións están a ter delegadas “competencias impropias” que non veñen acompañadas de suficiente financiación.

Iso obriga a que os recursos económicos (claramente insuficientes) das administracións locais teñan que derivarse cara esas “competencias impropias”, deixando a un lado ás que sí o son.

E dentro desas “competencias PROPIAS” está a rede de estrada provinciais.

Conta esta deputación (segundo o catálogo de 2020) cun total de 268 estradas e que supoñen máis de 1.800 quilómetros lineais.

Entre estas estradas figuran a OU-0701 -CABALAR (OU-636) - VILARIÑO DE CONSO- de algo máis de 30 km e a OU-0908 -VIANA (OU-533) - VILARIÑO DE CONSO- de 8,2 km.

Desde o grupo provincial de BNG somos conscientes das dificultades de manter en bó estado a totalidade desta rede viaria. Especialmente con invernos climatolóxicamente chuviosos como o que acabamos de ter.

Sabemos do aumento orzamentario no presente ano para arranxos na rede provincial de estradas. Insuficiente e que só en acopio de materiais seguramente vai supoñer máis da metade do custe.

Por elo demandamos unha planificación para que as reparacións acometidas sexan integrais e da calidade precisa para que perduren no tempo.

Así, a estrada OU-0701 que vai dende Vilariño de Conso ata o concello da Pobra de Trives é moi importante para comunicación entre os concellos veciños de Vilariño de Conso, Viana do Bolo, Manzaneda e Pobra de Trives.

A situación desta estrada presenta unha capa de rodadura con numerosas fochancas que dificultan o tránsito viario (curiosamente cambia o estado do firme a peor ao chegar ao concello de Viana do Bolo dende Vilariño de Conso). Indicar que fai un tempo foi ampliada dita estrada nalgúns puntos, zonas ampliadas nos que até o de agora non se procedeu ao seu asfaltado o que impide que esta mellora sexa efectiva para os usuarios da vía. Estamos diante dunha vía de grande importancia e que se atopa nunha situación lamentable.

Curiosamente nas datas anteriores á Semana Santa de 2026, moitas destas "fochancas" foron "malamente parcheadas" provocando o enfado e rexeitamento da poboación desas comarcas, que o que demandan é un arranxo integral e de calidade.

Respecto a OU-0908 entre Viana e Vilariño é fundamental para a comunicación das parroquias de Grixoa e Vilarmeao, todo o concello de Vilariño de Conso e as parroquias de Fradelo, Fornelos de Filloás e Quintela do Pando coa vila de Viana.

Esta vía tamén ten un estado francamente mellorábel con curvas moi perigosas, zonas estreitas, sen pintar adecuadamente, firme con fochancas e moi irregular que provoca unha difícil e perigosa conducción

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

- 1. Instar ao goberno da Deputación de Ourense a elaboración dun plan integral de actuación e renovación total do trazado e do firme das estradas OU-0701 e OU-0908 e que este arranxo contemple as zonas de ampliación da estrada e redución de curvas.**

**Este "plan integral" pode ter un horizonte temporal máximo de 3 anos para o seu remate.**

- 2. Reclamar do Goberno Central e da Xunta de Galiza colaboración económica para a financiación destas actuacións**

Ourense, 08 de abril de 2026

Asdo: Bernardo Varela López  
Portavoz do Grupo Provincial do BNG de Ourense

**A SEÑOR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**